



□ *m.j.r. > ferrol*

O Toxos e Froles entrega mañá domingo o premio Manuel Lorenzo Barxa á agrupación folclórica Cantigas e Agarimos. Será no transcurso da gala do seu 96 aniversario, que se celebrará no teatro Jofre a partir das 19.30 horas. As entradas, gratuítas, aínda poden recollerse na propia sede do coro (na rúa Magdalena) ou na taquilla do escenario ferrolán. A agrupación compostelá era a única das históricas que aínda non tiña este recoñecemento do Toxos, que si se lle outorgara a Cantigas da Terra e a Ruada. “É un premio totalmente fundamentado”, explica Arturo Lamas, presidente do Toxos. “Son a cuarta agrupación folclórica máis antiga de Galicia, teñen un coro e un grupo de baile moi potente e unha relación moi estreita con nós”.

Cantigas e Agarimos formouse no ano 1921 e conta cun amplo prestixio en Galicia e fóra dela, con ducias de premios, actuacións en varios continentes e colaboracións con grupos e intérpretes capitais para a música galega como son Milladoiro, Berrogüetto, Xochilmica, Treixadura ou Amancio Prada, entre outros. As súas escolas de instrumentos e baile tradicional forman a ducias de rapaces e o seu labor de animación cultural abrangue tamén a publicación da revista Algalia ou a celebración do Día da Muiñeira.

O acto do Jofre, presentado por Eliseo Zaera, comezará coa entrega dunha figura exclusiva para o Toxos que reproduce ó gaiteiro Lorenzo Barxa. A continuación actuarán os galardoados, que darán paso ó Rancho da Praça. Esta formación, de Vila do Conde, é tamén un dos ranchos máis antigo de Portugal (fundouse en 1920), e está irmandada co Toxos desde o ano 1935 –a cidade estao tamén con Ferrol–. Os anfitrións pecharán a festa coa actuación do grupo instrumental Manuel Lorenzo, dirixido por Arturo Lamas; o grupo de cantareiras Gradaílle, coordinado por Maite López; e o coro Toxos e Froles, que dirixe Manuel Amorós.

Apoyo na base > O Toxos volve a organizar unha festa de aniversario, asentada xa a nova directiva no seu proxecto de fortalecer a base a través do fomento das escolas. A piques de rematar o curso, Lamas está satisfeito pola marcha destas iniciativas. “Estamos traballando

duro, o noso empeño é sacar as escolas adiante e poñer a primeira pedra para darlles impulso e que a xente se achegue ó coro. Son o futuro da entidade e tamén un ben para cidade de Ferrol”, explica o presidente.

Na actualidade funcionan as clases de gaita, baile, percusión, palilleiras e bordado. Cara ó comezo do vindeiro curso volverá dársele pulo ó proxecto de formar unha escola de teatro, tantas veces acariñado nos últimos tempos.

A entidade vén ademais de celebrar un congreso de música tradicional, a finais de abril.

Retomouse esta actividade levada adiante nos 90 coa presenza de importantes figuras do folclore, como Carlos Núñez, Carlos Beceiro, Treixadura, Carmen Malde ou Alfonso Fernández.

“O congreso foi moi ben, tódolos poñentes mandáronnos felicitacións e houbo unha boa afluencia de público para ser unha proposta tan especializada. Conseguir reunir a figuras de tanto nome como os que pasaron por Ferrol non é nada doado. Apoiámonos en que son amigos nosos”, explica Arturo Lamas.

Por diante o coro ten actuacións en Ourense –a máis próxima, en xuño– e, nun momento de crise e de grandes recortes na programación cultural, terán tamén concertos en Ferrolterra e noutras localidades galegas.